

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

7573 *Real decreto 576/2014, do 4 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza e se crea o fondo documental de requisitorias.*

Mediante o Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, regulouse o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, un de cuxos obxectivos fundamentais é proporcionarlles a xuíces, fiscais, secretarios xudiciais e policía xudicial as ferramentas necesarias para o exercicio das funcións que teñen encomendadas, ademais de integrar os diferentes rexistros existentes. Posteriormente, o Real decreto 1611/2011, do 14 de novembro, modificou o citado real decreto para adaptar a organización do sistema de rexistros á nova regulación da responsabilidade penal das persoas xurídicas operada pola Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

O artigo 516 da Lei de axuízamento criminal, na redacción dada pola Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, establece: «Na resolución pola que se acorde buscar por requisitorias, o xuíz designará os particulares da causa que sexan precisos para poder resolver acerca da situación persoal do requisitoriado unha vez que sexa achado. Testemuñados a resolución xudicial e os particulares polo secretario xudicial, remitiranse ao xulgado de garda ou incluíranse no sistema informático que para o efecto exista, onde quedarán rexistrados». Con iso crea un fondo documental de requisitorias, formado polos testemuños de particulares que se designen como necesarios para resolver a situación persoal do requisitoriado que é necesario regular baixo o criterio principal de que a documentación integrada no fondo debe quedar asociada ás requisitorias a que aquela documentación se refire, o cal implica a súa dobre dependencia do Rexistro central de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes e do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica e de xénero.

A experiencia alcanzada ata o momento na xestión do sistema de rexistros aconsella a modificación do artigo 2 do Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, que regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, para engadir un número 4, cuxo fundamento legal se encontra na disposición adicional segunda da Lei de axuízamento criminal (engadida pola Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal).

Así mesmo, modifícase o artigo 2.3.b) no sentido de que, mesmo cando non se trate de procedementos de violencia doméstica ou de xénero, o acceso ao rexistro das medidas cautelares sexa inmediato, sen esperar á notificación, en prol de salvagardar a protección da vítima e o coñecemento da adopción das medidas para a súa protección por parte dos que teñen encomendada a súa tutela. É tamén obxectivo da modificación prevista no artigo 9.b) facilitar o coñecemento do posible quebrantamento da medida acordada.

Modifícanse os artigos 6 e 7 polos que o Ministerio de Xustiza comunicará á Xefatura Xeral de Tráfico os datos relativos a penas e medidas relacionadas coa seguridade viaria.

Por último, o texto inclúe a modificación do artigo 17 desta norma para adaptalo ao sinalado no artigo 6.3 da Decisión marco 2009/315/JAI do Consello, do 26 de febreiro de 2009, relativa á organización e ao contido do intercambio de información dos rexistros de antecedentes penais entre os Estados membros da Unión Europea.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado, a Axencia Española de Protección de Datos e o Consello do Secretariado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza.*

O Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o punto 3.b) e engádesse un número 4 ao artigo 2, que quedan redactados respectivamente do seguinte xeito:

«b) Rexistro central de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes: a inscrición de penas e medidas de seguridade impostas en sentenza non firme por delito ou falta e medidas cautelares acordadas que non sexan obxecto de inscrición no Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica e de xénero, autos de declaración de rebeldía e requisitorias adoptadas no curso dun procedemento penal polos xulgados ou tribunais da orde xurisdiccional penal, anotando a data de notificación cando esta se produza».

«4. Dependendo do Rexistro central de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes e do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica e de xénero existirá un fondo documental de requisitorias cuxa creación e réxime xurídico queda establecido na disposición adicional cuarta».

Dous. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«1. Ademais dos indicados no artigo anterior, o Ministerio de Xustiza autorizaralles, establecendo as medidas de seguridade oportunas, o acceso directo á información contida no Rexistro Central de Penados e no Rexistro central de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes, sempre que nun e noutro caso se refira a inscricións non canceladas:

a) Á Policía xudicial, a través dos funcionarios autorizados que desempeñen estas funcións, mentres sexa necesario para o exercicio das competencias previstas no artigo 549.1 da Lei orgánica do poder xudicial.

b) Ás unidades de intervención de armas e explosivos da Garda Civil, responsables da concesión dos permisos de armas, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

c) Ás unidades do Corpo Nacional de Policía responsables da expedición do pasaporte, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

d) Ás unidades do Corpo Nacional de Policía responsables do control de entrada e saída do territorio nacional, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

2. O encargado do Rexistro Central de Penados e o do Rexistro de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes comunicaralle, polo menos semanalmente, á Dirección Xeral de Tráfico do Ministerio do Interior os datos relativos a penas, medidas de seguridade e medidas cautelares nas cales se dispuxese a privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores ou calquera pena ou medida relacionada coa seguridade viaria, de acordo co previsto nos artigos 529 bis, 765.4 e 794.2 e concordantes da Lei de axuízamento criminal».

Tres. Engádesse un punto 3) ao artigo 7, co seguinte contido:

«3. O encargado do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica e de xénero comunicaralle, polo menos semanalmente, á Dirección Xeral de Tráfico do Ministerio do Interior os datos relativos a penas, medidas de seguridade e medidas cautelares nas cales se dispuxese a privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores ou calquera pena ou medida relacionada coa seguridade viaria, de acordo co previsto nos artigos 529 bis, 765.4 e 794.2 e concordantes da Lei de axuízamento criminal».

Catro. A alínea b) do artigo 9 queda redactada do seguinte xeito:

«b) Data de firmeza da sentenza e data de efectos do requirimento do cumprimento».

Cinco. O número 6 do artigo 17 pasa a ser o número 7 e engádese un número 6 redactado do seguinte xeito:

«6. Cando se trate de cidadáns da Unión Europea con nacionalidade distinta á española, o Rexistro Central de Penados solicitaralle á autoridade central do Estado de nacionalidade da persoa que realiza a petición, ou ás autoridades centrais en caso de que a persoa tiver máis dunha nacionalidade, un extracto de antecedentes penais e de información sobre os ditos antecedentes para poder incluíla no certificado que se lle facilite».

Seis. Engádese unha disposición adicional cuarta co seguinte contido:

«Disposición adicional cuarta. *Fondo Documental de Requisitorias.*

1. Créase, no Rexistro central de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes e no Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica e de xénero, o Fondo Documental de Requisitorias.

2. O Fondo Documental de Requisitorias estará formado por todos os testemuños das resolucións xudiciais e de particulares correspondentes, de acordo co artigo 516 da Lei de axuízamento criminal.

3. Para formar o Fondo Documental de Requisitorias será suficiente a dixitalización material dos testemuños e a súa inclusión no sistema informático, garantindo a súa autenticidade, integridade e conservación do documento imaxe, conforme o previsto nos números 2 e 3 do artigo 28 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da comunicación e a información na Administración de xustiza.

4. A documentación asociada a cada requisitoria inscrita no Rexistro central de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes ou no Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica e de xénero, a partir da entrada en vigor deste real decreto, estará dispoñible unicamente para os órganos xudiciais e o Ministerio Fiscal e, exclusivamente, para os efectos dos procedementos e actuacións de que estean a coñecer, no ámbito das súas respectivas competencias. O dito acceso levarao a cabo o persoal da oficina xudicial autorizado polo secretario do órgano xudicial de que emana a requisitoria.

5. Os documentos asociados a cada requisitoria quedarán automaticamente eliminados cando se produza a cancelación da requisitoria».

Disposición adicional única. *Non incremento de custo.*

As medidas recollidas neste real decreto non poden xerar incremento nin de dotacións, nin de retribucións nin doutros custos de persoal ao servizo do sector público.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de xullo de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza
ALBERTO RUIZ-GALLARDÓN JIMÉNEZ